

Iker Güemes. España, 1971. Comezou os seus estudos musicais aos sete anos na súa localidade natal para proseguir posteriormente no Conservatorio Juan Crisóstomo Arriaga de Bilbao. Estudou piano con Ana Aranguren, música de cámara con Malcolm Wright e composición con Julio Lanuza. Completou a súa formación xunto a compositores como José Manuel López López, Beat Furrer, Isabel Mundry, César Camarero e Horacio Vaggione, e musicólogos como Laurent Feneyrou e Vincenzo Restagno, entre outros.

As súas composicións exploran sempre o comportamento sonoro e formal de elementos alleos ao discurso musical, intentando encontrar un punto de equilibrio entre o conceptual e a beleza irracional da aprehensión do tempo. O seu catálogo abrangue desde obras para solistas e agrupacións camerísticas diversas, até música para orquestra e espectáculos de danza. Recibiu encargos de diferentes conxuntos como Ensemble Kuraia, a compañía de danza SOC Ensemble, Polaris Trio e Duo Daqian, e as súas obras foron interpretadas por músicos de recoñecido prestixio como Fanny Vicens, Vicent Minguet ou Tomeu Moll, entre outros.

Paralelamente aos seus estudos musicais, licenciouse en xeografía e historia na especialidade de historia de España e do País Vasco na Universidade de Deusto, e en 1998 ingresou por oposición no corpo de profesores de secundaria na especialidade de música.

En 2010 publicou na editorial CELYA *Crónicas de un oyente*.
<http://www.ikerguemes.com>

Alfonso Mendoza. México, 1988. En 2007 ingresou no Conservatorio de las Rosas onde cursou a especialidade de composición cos mestres Samuel Cedillo, Eduardo Solís e Juan Sebastián Lach. Realizou cursos de composición con Iván Naranjo, Hilda Paredes e José Luis Hurtado. A súa obra foi revisada por Robert H. P. Platz, Hilda Paredes, Michael Pisaro e Kaija Saariaho, entre outros. Foi seleccionado para participar en Umbral 2012, organizado polo Centro de Arte y Nuevas Tecnologías de San Luis Potosí, e en Visiones Sonoras 2012 e 2014, no Centro Mexicano para la Música y las Artes Sonoras (Morelia), onde participou nunha clase maxistral impartida por Kaija Saariaho.

A súa música foi interpretada no Festival Arte Joven de Morelia, en 2010 e 2011, no Festival Internacional de Música de Morelia, no WhiteNoise.Fest e no XXXV Foro Internacional de Música Nueva Manuel Enríquez. No curso 2013-2014 obtivo unha axuda do FONCA para creadores novos. Na actualidade está a cursar a licenciatura en composición no Conservatorio de las Rosas.
<https://soundcloud.com/alfonso-mendoza>

Nico Sauer. Alemaña, 1986. Entre o ano 2010 e o 2015 estudou composición con Wolfgang Rihm e Markus Hechtle na Hochschule für Musik de Karlsruhe. Na súa obra combina música instrumental e electrónica, vídeo, *performance* e elementos teatrais. A incorporación de elementos artísticos antagónicos nos seus traballos ten o obxectivo de pór en cuestión o xeito común de entendermos a arte co fin de acadar unha nova percepción.

En *NeueMusik24-TV* e en *NeueMusik24.de* as ideas sonoras ofrécense como produtos nunha demostración de venda a domicilio e nunha tenda virtual *online*. Na súa peza radiofónica para teatro musical *Deutsch-Afrika 2014* emprega catálogos sonoros como unha fórmula para contribuír ao desenvolvemento cultural de África e en *Neue Musik für Afrika* convida o propio público a escoller os sons que serán doados. En *Composing Life*, Nico Sauer tórnase el mesmo nun adestrador-motivador que nos aprende a conseguir unha vida libre e autodeterminada mediante poder da composición.
<http://www.nicosauer.de>

VERTIXE SONORA ENSEMBLE: Pablo Coello, saxofón / Benxamín Iglesias, trompa / Roberto Alonso, violín / Thomas Piel, violonchelo / David Durán, piano / Diego Ventoso, percusión // Pablo Coello, dirección musical / Ramón Souto, dirección artística
www.vertixesonora.net



CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 623 / cgac.actividades@xunta.es / www.cgac.es



galicia



vertixe sonora
ensemble

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea
14 e 16 de xuño de 2015

A entrada a todas as actividades é libre e gratuíta até completar a capacidade da sala.

PROGRAMA

DOMINGO 14

11:00-14:00 h **CAUSAL.** Ensaio cos compositores abertos ao público

MARTES 16

19:45 h **CAUSAL**

Conversa con Ramón Souto —director artístico de Vertixe Sonora Ensemble— e cos compositores Eduardo Caballero, Alberto Arroyo, Iker Güemes, Alfonso Mendoza e Nico Sauer, que falarán das obras que se escoitarán no concerto.

20:30 h **CONCERTO TECTÓNICA**
VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Eduardo Caballero (México, 1976) *Negro invadiendo al blanco** (2015)
saxofón, trompa, violín e violonchelo

Pamela Madsen (Estados Unidos) *Riverly is the Moon*** (2014)
vibráfono e vídeo

Alberto Arroyo (España, 1989) *Desde el vértice**** (2015)
violín e violonchelo

Iker Güemes (España, 1971) *Grammar** (2015)
percusión

Alfonso Mendoza (México, 1988) *Quebranto** (2015)
saxofón, percusión e electrónica

Nico Sauer (Alemaña, 1986) *Kammermusik 15000** (2015)
saxofón, trompa, violín, violonchelo, piano, percusión, electrónica e vídeo

*Estrea absoluta. Encarga de Vertixe Sonora / **Estrea nova versión / ***Estrea absoluta. Obra escrita para Vertixe Sonora

Tectónica quere buscar os lugares onde se gorece o silencio ou o asombro orixinal do acto creativo, tamén o esplendor das imaxes alí onde estas fulguran quizais pola primeira vez.

“O que [Manuel Vilariño] vén perseguindo ao longo dun xa moi extenso proceso de traballo é, por dicilo así, o soño inesgotable e voraz da chama da vida. O seu tránsito ou a súa combustión no medio dunha continua xeración e perda. O xogo metafísico, tamén, que está feito de ausencia, promesa, resto e renacemento ou brote.

Todo na [súa obra] remite a este fondo impulsivo, salvaxe, inmemorial. Territorio orixinario, preverbal diríamos, onde o ouveo de Ginsberg ou os sons da música xenesiaca de Olivier Messiaen se confunden coa martelada insistente das descrições apocalípticas de *The Waste Land* de T. S. Eliot.

Este canto, a acción mesma do anxo, evoca sen dúbida un comezo, o tempo mítico no que o mundo aínda non existía ou estaba en proceso de aparecer. Unha dimensión cosmogónica ou plutónica que as serpes, as brétemas, as terras de lava, as áreas de praias elementais e os volcáns que Manuel Vilariño adoita fotografar manifestan de forma tan plástica, superlativa.”

Fragmentos do texto de Alberto Ruiz de Samaniego no folleto da exposición

AS OBRAS

“*Negro invadiendo al blanco* é coma un devir de sons que se somerxe no contraste entre o negro e o branco, un transcorrer entre todos os seus matices e gradacións”.

(Eduardo Caballero)

“*Riverly is the Moon*, pertence á colección *Luminous Etudes: Visions of the Black Madonna of Montserrat* para instrumentos solistas, piano, voz, imaxes proxectadas e electrónica, investigación sonora dos beneficios dos biomecanismos de vibración acústica na interpretación musical. Inspirada no eclipse lunar total do 15 de abril de 2014, baséase en materiais do *Llibre vermell de Montserrat*, do século XIV”.

(Pamela Madsen)

“A expresión ‘desde o vértice’, fai referencia non só á situación xeográfica das costas galegas, aos terreos, ao mar e á calidade que a terra adquiriu como límite, como fin do mundo, senón tamén á posición (achega) humanística e case que filosófica que dela se desprende no cambio de paradigma ao comezo da Idade Moderna: o mariñeiro como figura valente que se aventura a navegar cara ao descoñecido desde a vertice xeográfica”.

(Alberto Arroyo)

“[En *Grammar*] busco unha fusión de sonoridades, traballando por capas, e empapándoas cos ingredientes elaborados con múltiples e variadas técnicas para conseguir, coma nun fractal, novas versións tímbricas, sempre distintas e pola súa vez emparentadas. Poucos sons da natureza son tan característicos coma o canto do cuco común. As repeticións de cada lance enzófanse a miúdo cos sons dos insectos e co ladró de algún que outro can, creando unha policromía sonora diferente de cada vez. Rememorar e recrear esta sensación noctámbula foi unha das principais razóns do esforzo no acto de composición da peza”.

(Iker Güemes)

“*Quebranto* xorde da inxenuidade de crear un xesto intermitente, que vai e vén periodicamente, de facer un fluxo constantemente cambiante. O trazo, o quebranto do trazo”.

(Alfonso Mendoza)

“[Para *Kammermusik 15000*] concibín ferramentas que me permitisen crear contido usando apenas un único e sinxelo xesto, coma quen verte un chorro de pintura sobre un lenzo. Picos de son, sensores infravermellos, paneis táctiles, pequenos xogos programados [...]. A posibilidade de incluír calquera tipo de material, sexa acústico ou visual, contribúe á vez ao proceso temporal e á miña comprensión da música, que abrangue moito máis ca unha serie de notas escritas e interpretadas. [...]. Cada son existe en por si e, asemade, é unha representación de si mesmo. [...] Quero que coincidan virtualidade e realidade, algo que para min significa a simultaneidade do posible e o imposible en relación cos aspectos tanto técnicos coma tecnolóxicos”.

(Nico Sauer)

OS COMPOSITORES

Eduardo Caballero. México, 1976. Estudou guitarra e composición na Escola Superior de Música e Danza de Monterrey cos mestres Ramiro Guerra e José Luis Wario. Continuou os seus estudos no Centro de Compositores de Nuevo León, na academia IMPULS en Graz, e no Centro Mexicano para la Música y las Artes Sonoras en Morelia. Entre os mestres dos que recibiu clases maxistras de composición, os que máis influencia tiveron na súa carreira foron José Luis Castillo, Beat Furer e Emanuel Nunes. No ámbito da música electrónica, estudou con Rodrigo Sigal, con Rob Worby no High Melton University Centre en Doncaster e con Carlos López Charles no Centro Mexicano para a Música e as Artes Sonoras. Recibiu, entre outras, a bolsa Jóvenes Creadores FONECA, en 2000, 2003 e 2008.

Gran parte da súa obra está baseada en ideas extramusicais provenientes de disciplinas artísticas como a literatura e a pintura. O movemento literario co que máis se identifica é o realismo máxico (principalmente Juan Rulfo e Gabriel García Márquez). Na pintura a súa principal influencia é a arte abstracta, e os pintores polos que se sente máis atraído son Kandinsky, Siqueiros e Pollock.

As súas obras foron presentadas en países como México, España, Austria, Francia, Australia, Inglaterra e Estados Unidos por intérpretes e formacións como L’Instant Donné, Ensemble de las Rosas, InterContemporain

Ensemble, William Lane, Wilfrido Terrazas, Arcema Ensemble, Contempoanea Ensemble de Guitarras, Orquesta de Cámara da Facultade de Música da Universidade Autónoma de Nuevo León (UANL) e Talea Ensemble, entre outros.

Actualmente é profesor de Contrapunto, Fuga e Harmonía na Facultade de Música da UANL, profesor de Composición e director artístico da Camerata Tamayo, coordinador do Festival de Música Contemporánea Ramiro Guerra e director do Laboratorio de Música Electrónica da Escola Superior de Música e Danza de Monterrey. <http://eduardocaballero.tumblr.com>

Pamela Madsen. Estados Unidos. Compositora, artista sonora, intérprete, teórica e comisaria de música contemporánea. Tanto nos seus grandes proxectos de paisaxe sonora como nas súas íntimas colaboracións multimedia ou na produción de eventos de música contemporánea, Pamela creou un corpo de traballo cunha profunda amplitude de visión. Doutora en Composición pola UCSD, cursou estudos de doutoramento en Teoría da Música na Universidade de Yale, estudos posdoutorais en Tecnoloxía Musical no IRCAM en París, e formouse na disciplina coñecida como *deep listening* con Pauline Oliveros.

As súas obras de paisaxe sonora e dramas musicais multimedia foron encomendadas e estreadas por novos intérpretes como Either/Or, soundSCAPE, Zeitgeist, Laurie Rubin, Tony Arnold, Aiyun Huang, Jane Rigler, Trio Solisti, Verdehr Trio, a flautista do ICE Claire Chase, New York New Music Ensemble, California Ear Unit, Ethel, JACK, o cuarteto de corda Arditti e Vertixe Sonora, con colaboracións cos artistas Greg MacGillivray, Camille Seaman, Quintan Ana Wikswo, Jimena Sarno ou Judy Chicago. É asesora do Alpert Award, membro do Consello da Women’s Philharmonic e compositora convidada habitual en festivais e universidades de todo o mundo. O proxecto no que está a traballar actualmente, *Luminous Etudes: Visions of the Black Madonna of Montserrat*, comisionado polos pianistas Eleonor Sandresky e Kathleen Supove, recibiu o premio New Music USA. Ademais é comisaria do World Electro-Acoustic Listening Room Project, no marco do Festival Anual de Música Contemporánea, e do programa de conferencias e concertos *Film as Collaborative Art Series* na Universidade Cal State Fullerton, onde é profesora de Composición Musical e directora da formación New Music Ensemble. pmadsen@fullerton.edu

Alberto Arroyo. España, 1989. Estuda piano no Conservatorio Joaquín Turina de Madrid. En 2007 e 2009 recibe en Boston clases de Harmonía, Orquestración, Contrapunto e Harmonía do século XX con Alla Cohen, profesora do Berklee College of Music e do Conservatorio de Nova Inglaterra. Entre 2010 e 2014 estuda en Zaragoza no Conservatorio Superior de Música de Aragón con José M. Sánchez-Verdú, Agustín Charles, H. Parra, José M. López López, Nacho de Paz e Josep Sanz, entre outros. En 2013 asiste como alumno de intercambio á Hochschule für Musik Carl Maria von Weber en Dresden, onde é alumno de M. Tsangaris, J. M. Sánchez-Verdú e F. M. Olbrisch. Alí comeza a traballar e a desenvolver as súas obras no eido do teatro musical.

Na actualidade, está a cursar un máster en composición na Hochschule für Musik C. M. v Weber en Dresden con M. André e M. Tsangaris, grazas a unha bolsa da Fundación SGAE.

Foi finalista do Premio Fundación Autor-CNDM en 2011 e da Convocatoria Jóvenes Compositores TDM en 2013, e asistiu como alumno ao Taller de Composición e Experimentación Sonora 2014 e 2015 do Festival Mixtur. En 2012 recibiu unha bolsa do Mozarteum para ser alumno da Sommerakademie con P. Dusapin. Asistiu durante tres anos ao Seminario Internacional de Música Antigua de Albarracín onde profundizou en Ars Subtilior, Renacemento e Barroco. No verán de 2014 participou no Festival de Darmstadt, onde recibiu clases de B. Ferneyhough, G. Aperghis, C. Gadenstätter e J. Sánchez-Chiong, entre outros. Completou a súa formación recibindo clases e asistindo a cursos con músicos como S. Sciarrino, T. Hosokawa, M. André, S. Steen-Andersen, S. Gubaidulina, B. Furrer, E. Mendoza, P. Hurel, F. Panisello, I. Fedele, A. Posadas, R. Lazkano, C. Maïda, C. Halffter, A. Rosado, J. Rueda, S. Krauze, J. Torres, Trío Arbós, Tasto Solo ou R. Alessandrini.

As súas obras interpretáronse en Berlín, Salsburgo, Dresden, Madrid, Barcelona, Toulouse e Zaragoza por grupos como Smash Ensemble, OCAZ Grupo Enigma, Trío de Magia, Xelo Giner, Roberto Manjavacas, Academia para la Nueva Música ou Trio Sostenuto. <http://albertoarroyocomposer.com>